

## ENSINO DO GALEGO NO ESTRANXEIRO: O CASO DE FINLANDIA

TAINA HÄMÄLÄINEN  
Universidade de Helsinqui

### *1. Introducción*

O ensino de galego comezou na Universidade de Helsinqui no ano 1991. Os comezos foron tímidos, pero co tempo o galego acadou unha posición estable dentro do programa de linguas iberorrománicas. Contamos, por agora, cun curso elemental e un curso complementario, ambos de dúas clases semanais, e temos plans concretos para amplia-lo programa a partir do próximo curso de 1996-97. Os alumnos son estudantes de filoloxía española ou portuguesa. Hoxe por hoxe, trátase de cursos optativos: tódolos estudantes de linguas iberorrománicas teñen que cursar estudos tamén doutro idioma iberorrománico (sexa galego, catalán ou portugués) ou de vasco.

O número de alumnos de galego é aínda reducido. Matricúlanse no curso elemental anualmente de cinco a oito alumnos, e aproximadamente as dúas terceiras partes deles continúan no curso complementario. Trátase de cifras que parecen pequenas, pero confrontadas co número total de estudantes de filoloxía española ou portuguesa son moi satisfactorias tendo en conta que o galego é unha materia optativa. A razón pola que non haxa máis alumnos de galego é sinxela: os estudantes son, sobre todo na precaria situación económica de hoxe, moi conscientes das esixencias do mercado laboral e teñen unha marcada tendencia a elixir materias que consideren “útiles” cara ó futuro. O rendemento do galego para un estudante finlandés é, inegablemente, aínda moi limitado, aínda que non terá que ser así no futuro: cantos máis contactos haxa entre os nosos países, máis utilidade terá tamén o dominio do galego e o coñecemento da realidade galega.

Os motivos dos estudantes que se matriculan nos cursos de galego son variados. Poderíamos dividi-los alumnos nos seguintes grupos: en primeiro lugar, os estudantes de filoloxía portuguesa que queren coñece-la lingua irmá do portugués; en segundo lugar, os futuros investigadores, que estudian galego por interese puramente filo-

lórico; en terceiro lugar, os estudantes que se interesan en xeral polas linguas minoritarias; e en cuarto lugar, os que teñen algunha relación persoal con Galicia, p. ex. un amigo ou unha experiencia turística. Como casos especiais podemos citar aquel estudante que se afecionou ó galego por dispoñer na súa casa da televisión por cable, que lle permite ve-la televisión galega, aínda que fose en castelán (“Desde Galicia para el mundo”) e aquel estudante que pasou un ano na Arxentina e se decatou alí da importancia da emigración galega na vida dese país. Este ano temos tamén un estudante de nacionalidade cubana, que no seu país tivera contactos con xentes de orixe galega.

En xeral, os alumnos de galego son bos estudantes, activos e positivos. Así, o que perdemos na cantidade, gañámolo en calidade. Isto fai tamén que practicamente ningún alumno deixe o curso na metade. De tódolos xeitos, das nosas experiencias resulta evidente que para poder espallar eficazmente o interese polo galego entre os estudantes, cómpre levar a cabo unha actividade informativa nos comezos de cada curso académico. Non abonda con anunciar oficialmente a data do comezo dos cursos, senón que fai falla tamén ofrecer información sobre o galego e os temas que van ser tratados no curso. Isto pódese facer p. ex. a través dunha “carpeta de galego”, que os estudantes poden follear cando queiran. O feito é que poucos estudantes de filoloxía española ou portuguesa saben realmente moi ben o que é o galego: o idioma oficial da autonomía galega con máis de dous millóns de falantes, e non un dialecto do portugués ou do castelán. Tamén está claro que o que os alumnos esperan do curso non é só ensino do idioma, senón tamén unha visión global sobre a cultura e realidade galegas.

No que segue, describiremo-lo contido dos cursos sen facer diferenza, en principio, entre o curso elemental e o curso complementario, posto que a orientación básica é a mesma en ambos; o curso complementario non consiste tanto en materias cualitativamente novas coma nunha consolidación e ampliación do contido esencial do curso elemental.

## *2. Orientación dos cursos de galego*

### *2.1. Contido filolóxico e cultural*

Tódolos alumnos que cursan estudos de galego posúen un bo nivel de coñecementos de castelán, e moitos tamén de portugués. Posto que as tres linguas -galego, castelán e portugués- contan cun sistema básico bastante similar, non comezámo-lo estudio desde cero, senón

que aproveitámo-los coñecementos previos dos estudantes sobre o sistema gramatical das linguas iberorrománicas: todos saben, por exemplo, o que é o subxuntivo. Concentrámonos, así, sobre todo no que é específico para o galego e no que o diferencia do portugués, por unha banda, e do castelán, por outra banda. A relativa proximidade entre as tres linguas permite tamén que desde o primeiro día poidamos ler textos auténticos de fácil estrutura e vocabulario.

O ensino de galego ten tres liñas: a práctica, a filolóxica e a cultural. A orientación filolóxica do curso supón a análise e explicación das formas e a súa comparación coas das linguas irmás. Polo tanto, o curso está baseado esencialmente en diferentes textos. Os textos que vemos na clase deben tamén abrir un panorama cultural a Galicia, polo que deben tratar de temas de interese para os estudantes e ofrecer aspectos para eles non coñecidos sobre a lingua, a cultura, a historia e a sociedade galegas. Neste senso, os libros de texto publicados ata agora ou de que dispoñemos no departamento non constitúen necesariamente o material idóneo para o ensino de galego en Finlandia, posto que non están pensados para alumnos estranxeiros, senón para escolares ou para adultos castelanfalantes de Galicia. Un galego de fala castelá que quere aprender galego ten, certamente, uso p.ex. para nomes de diversos aparellos de cociña, pero non ocorre o mesmo cun estudante finlandés, que desexa adquirir unhas boas nocións do idioma galego, pero que non necesita, en xeral, coñecer unha gran cantidade de nomes de peixes, ferramentas, etc. Polo tanto, empregamos libros de texto só como material auxiliar (ás veces poden resultar divertidas p. ex. as historietas en forma de cómics de “Galego coloquial”, de La Voz de Galicia). En cambio, os libros de texto existentes son, naturalmente, un bo apoio para a profesora. O noso material de lecturas consiste nunha escolma de textos, literarios ou non, sobre Galicia. Os textos concretos varían de ano en ano, pero basicamente son mostras de autores galegos e textos sobre a vida e a sociedade galegas. A necesidade de buscar textos de nivel axeitado e de contido estimulante é un traballo que esixe certa dedicación, pero paga a pena: unha boa escolma de textos de diversos temas permite concibi-lo curso como unha viaxe de exploración a Galicia a través do tempo.

Os grandes temas que sempre suscitan un vivo debate na clase son os aspectos sociolingüísticos e lingüístico-políticos (a actitude dos falantes; a presenza do galego na vida cotiá, nas institucións e nos medios de comunicación; a lexislación en materia lingüística), as tendencias ortográficas e a evolución da literatura galega.

## *2.2. Sociolingüística e lingüística política: paralelismos entre Galicia e Finlandia*

O tema sociolingüístico é un dos grandes puntos de interese que atraen alumnos ó curso de galego. A causa deste interese pódese buscar na mesma historia sociolingüística do finés. Aínda que sexa perigoso facer comparacións, a situación do galego na historia presenta certo paralelismo coa situación do finés no século pasado. O finés foi sempre lingua maioritaria na nación, a única lingua falada pola grande maioría da poboación, pero sen ningunha presenza na vida cultural, administrativa ou política. O sueco, pola súa parte, era a lingua da clase culta en toda a nación, e a lingua maioritaria en certas zonas costeiras do país. O movemento de defensa do finés, de signo nacionalista, foi impulsado por unha minoría de intelectuais, case todos de lingua sueca, que na etapa histórica en que Finlandia formaba parte do imperio ruso (1809-1917) comprenderon que, para constituír unha nación propiamente dita, Finlandia necesitaba unha conciencia nacional baseada na lingua propia, e que esa conciencia debía ser espertada pola elite política e cultural, de lingua sueca. Este movemento patriótico deu lugar a unha intensa busca das “raíces” étnicas do pobo, e a antiga poesía cantada, recollida desde as primeiras décadas do século pasado, influíu profundamente na cultura finlandesa de finais do século. Tratouse, en definitiva, dun verdadeiro “rexurdimento” do finés e da cultura popular finesa. Numerosos suecofalantes acabaron por cambiar de lingua e ata de apelido: miles de apelidos suecos foron traducidos ó finés. O manifesto de lingua, de 1863, que decretou a igualdade do finés nun prazo de 20 anos, foi froito da concienciación realizada polos fenómanos. Despois da independización de Finlandia (1917), a lei de linguas, de 1922, consolida a igualdade das dúas linguas a nivel nacional. Nas rexións bilingües ámbalas dúas linguas son oficiais tamén na administración local, e nas rexións unilingües a lingua administrativa é, loxicamente, a lingua da rexión, sexa finés ou sueco. Non obstante, cómpre sinalar que para que un municipio teña consideración de bilingüe, abonda con que un oito por cento da súa poboación fale a lingua minoritaria. Nestas rexións, a igualdade das linguas abarca tódalas esferas: a educación, a sanidade etc. Hoxe os suecofalantes representan aproximadamente un seis por cento de toda a poboación do país.

A pesar da enorme forza do movemento fenómano, a transición non foi fácil nin pasou sen discordias entre os dous grupos lingüísticos. Xa a finais do século pasado, unha parte da poboación suecofalante organizouse nun “contramovemento”, defendendo a supremacía do

sueco, e nos primeiros decenios deste século produciuse un segundo movemento patriótico en defensa do finés, esta vez xa non promovido por unha elite suecofalante, senón por finofalantes de orixe finesa, moitos deles de raizame popular. O seu obxectivo era converte-lo finés na única lingua nacional, eliminando o sueco. Foi a segunda guerra mundial a que definitivamente puxo fin a estas discordias. Sen embargo, aínda hoxe emerxen, de tempo en tempo, certos rancores entre os dous grupos. Especialmente a obrigación de estudar sueco na escola causa malestar entre algúns finlandeses, que aseguran que o sueco é unha lingua que “non serve para nada”, posto que tamén nos países escandinavos é perfectamente posible comunicarse en inglés. Sen embargo, os que protestan pola obrigatoriedade do sueco nas escolas esquecen case sempre que tamén os suecofalantes teñen que estudar finés. Para algúns sectores da poboación finesa, sobre todo nas rexións unilingües finesas, a igualdade das dúas linguas non ten razón de ser, dada a escasa porcentaxe da poboación suecofalante. Con todo, a regra xeral é a relativa, aínda que non sempre fácil, concordancia entre as dúas comunidades de fala.

Con estes antecedentes históricos, é natural que o camiño percorrido polo galego para chegar á súa situación de hoxe represente un tema apaixonante para os estudantes finlandeses, sexan falantes de finés ou de sueco. Todos teñen unha opinión sobre a posición que ten ou que, para eles, debería te-lo sueco en Finlandia, e todos están tamén dispostos a presenta-los seus puntos de vista sobre a situación actual do galego. Suscitan tamén interese cuestións como o galego en Asturias e outras terras fronteirizas e as actitudes lingüísticas dos galegos emigrados -tema que, ó parecer, ata agora foi pouco estudiado.

Xa suxerimos enriba que toda comparación entre situacións lingüísticas de países diferentes é arriscada. É máis, o proceso de normalización do idioma finés foi completado no século XIX, e hoxe trátase da defensa dos dereitos lingüísticos da minoría suecofalante. Sen embargo, é interesante observar que o proceso de normalización dunha lingua pode pasar por etapas similares incluso en situacións históricas ou políticas moi diferentes. Así, cando o finés estaba a toma-los seus primeiros pasos como lingua de cultura, xurdiu unha disputa sobre o dialecto que debía forma-la base da lingua escrita; da mesma maneira, en Galicia hai hoxe actitudes diferentes ante a ortografía e morfoloxía normativa do galego. Así mesmo, a necesidade de axeita-lo finés para as esixencias da vida política, cultural e científica determinou a intervención dunha inmensa cantidade de neoloxismos, do mesmo xeito ca no caso do galego, que nos nosos tempos creou numerosas palabras novas (se ben no caso do galego non se trata de

neoloxismos puros, senón de voces tomadas doutras linguas e acomodadas á estrutura fonolóxica do galego). En Finlandia houbo un período, máis ou menos prolongado, durante o cal o dominio de finés dos suecos que cambiaran de lingua era moi precario, o que provocou, na lingua falada e escrita, a existencia de numerosas formas híbridas, formas nin suecas nin finesas, senón formas que eran simplemente produto dun deficiente dominio lingüístico. Un proceso similar pode notarse hoxe en Galicia: os niveis do dominio de galego son variados e dan lugar a unha multitude de formas, que ás veces son variantes dialectais, outras veces puros erros. Finalmente, hai que mencionar que o finés foi marcado profundamente polo sueco (e outras linguas xermánicas coas que tivo contactos, como as linguas bálticas) a través dos séculos. A influencia do sueco está presente tanto no léxico coma na sintaxe do finés. En moitos casos hai dúas construcións paralelas: unha de tipo xermánico, outra de tipo finougrio. Por outra parte, nos decenios pasados fóronse eliminando moitos usos excesivos de influencia sueca, p. ex. os relativos á orde de palabras. Hoxe, o sueco xa non exerce influencia sobre o finés, senón que a agresión vén máis ben do inglés. Algo paralelo ocorre tamén no caso do galego, que inevitablemente sufriu algún grao de influencia castelá (aínda que a importancia desa influencia pode ser discutida); sen embargo, é previsible que a normalización do galego implique a relativa estabilidade interna da lingua. Con todo, tamén cómpre ter en conta que a influencia dunha lingua sobre outra non é, xeralmente, unidireccional, senón recíproca; por outra banda, o grao da suposta influencia pode variar marcadamente dun dialecto a outro e dun plano lingüístico a outro. Estes paralelismos, aínda que parciais, manteñen sempre vivo o interese dos alumnos polos aspectos sociolingüísticos do galego.

### *2.3. Ortografía e morfoloxía*

Outro tema apaixonante para o estudante finlandés do galego é a contradicción entre as distintas tendencias ortográficas e morfolóxicas entre os galegofalantes de hoxe. Antes de viren ó curso de galego, os alumnos teñen ideas pouco definidas sobre a condición do galego. Os que xa pasaron os cursos de historia de lingua (de castelán ou de portugués) teñen unha boa noción sobre a orixe da lingua galega, pero en tódolos casos o seu perfil como lingua autónoma, distinta tanto do portugués coma do castelán, resulta novidoso para os estudantes finlandeses. É moi frecuente que, despois dunhas semanas de estudio, os alumnos exclamen: “¡Non sabíamos que o galego era tan diferente

do portugués/do castelán!” Outro comentario frecuente é: “¡Creamos que o galego era máis fácil!”.

Nós seguimos aquí, naturalmente, a ortografía e morfoloxía normativas do galego. Nembargantes, os textos que lemos na clase conteñen moitas veces formas non normativas -sobre todo, claro está, se son textos anteriores á publicación das normas da RAG/ILGA. Isto xa fai que xurda na clase o tema das variantes ortográficas. É, polo tanto, natural que tamén a cuestión das distintas tendencias ortográficas sexa tratada nalgún momento durante o curso. Resulta, quizais, sorprendente que antes de veren unha mostra da ortografía reintegracionista, moitos alumnos tomen partido por esta tendencia. Acaso sexa o prestixio do portugués como lingua nacional o que induce ó alumno a pensar que o galego debe apoiarse no portugués. Sen embargo, en canto ven un texto escrito con ortografía de tipo lusista, quedan moi perplexos e, loxicamente, son incapaces de pronunciar un galego escrito á maneira portuguesa. É evidente que non só para un neofalante de galego -ou un galegofalante non habituado a escribir en galego-, senón tamén para un estudioso estranxeiro do idioma, unha ortografía allea ó sistema interno da lingua constitúe un obstáculo dificilmente superable. Isto fai que despois de teren ante os seus ollos un texto deste tipo, os alumnos acaben por converterse en partidarios da ortografía normativa.

As formas “non ortodoxas” seguen sendo un tema de discusión ó longo do curso, xa que a variedade de textos vistos na clase require unha análise lingüística. Xorde, polo tanto, a seguinte cuestión: ¿sería, acaso, aconsellable reescribi-los textos, adaptándoos á ortografía normativa? Nalgúns casos a resposta debe, ó noso entender, ser afirmativa, sobre todo no primeiro nivel: se o alumno se ten que encarar cunha grande arbitrariedade de formas ortográficas, morfolóxicas, léxicas e aínda sintácticas, ó final o único que lle queda é unha confusión total. Pero noutros casos parece evidente que os textos non deben ser tocados sobre todo, tratándose de textos literarios. P. ex. un poema de Rosalía de Castro non pode ser convertido ó galego normativo, aínda que presente formas “incorrectas”. O que si é necesario, en cambio, é mante-la orientación filolóxica ó longo do curso e explicar tódalas formas e variantes. A variedade de formas nos textos presta tamén unha oportunidade de introducir algunhas nocións de historia da lingua galega. A solución non é, polo tanto, limitarse a textos modernos, de ortografía normativa, se ben é aconsellable re-serva-los textos “non normativos” para o curso complementario, cando os alumnos xa teñen unha boa noción do sistema ortográfico, morfolóxico e sintáctico do galego.

## 2.4. *Literatura e historia cultural*

Unha lingua non debe ser ensinada illada, separada da cultura na que se manifesta, posto que a lingua non é un produto de laboratorio, senón unha dimensión da vida humana. Polo tanto, o ensino da lingua implica necesariamente tamén certas nocións da literatura escrita nesa lingua. No caso do galego, isto supón unha visión xeral sobre as principais etapas da literatura galega desde as cantigas medievais ata a literatura contemporánea, a través de mostras de textos literarios.

As cantigas espertan, en xeral, unha reacción de interese auténtico nos alumnos, sempre que sexan explicadas e analizadas para facilita-la súa comprensión. Para un mozo do século XX é un descubrimento apaixonante que as inquietudes e os pesares da xuventude eran os mesmos no século XII que hoxe. Así, o alumno -e máis aínda, a alumna- de hoxe sente unha verdadeira “comunidade de destino” coa moza do século XII ou XIII que se queixa da excesiva vixilancia da súa nai: “Non poss’eu, madre, ir a Santa Cecilia / ca me guardades a noit’e o día / do meu amigo.”

Tamén a poesía de Rosalía de Castro é sempre ben acollida porque os sentimentos de que fai eco son universais e conmoven aínda hoxe. Ofrece, amais, a vantaxe de que a súa lingua sexa bastante sinxela. Un Curros Enríquez, en cambio, é difícil demais para espertar interese nos alumnos: se a lingua é dunha complexidade excesiva, escurécese o contido esencial do poema, a súa idea e mensaxe.

En canto á prosa, as historias de p. ex. Cunqueiro e de Castelao brindan, amais dos seus méritos internos, unha excelente posibilidade de somerxer no mundo galego do ambiente campesiño e no mundo do misterio e da marabilla.

Sen embargo, como se pode supoñer, os alumnos senten certa predilección pola literatura contemporánea e polos temas para eles familiares. Por exemplo, unha novela curta dun Manuel Rivas representa o tipo de literatura que eles len tamén en finés. Tamén p. ex. Ursula Heinze fala dun mundo que os alumnos senten como o seu. Así, se os textos históricos e os textos dos autores xa clásicos supoñen unha introducción cultural no mundo galego a través do tempo, as historias modernas -novelas curtas ou extractos de novelas longas- poñen en evidencia que o galego é tamén unha lingua moderna, apta para tódalas necesidades comunicativas, e que Galicia non só é unha terra de vacas, verdores, meigas e lendas, senón tamén de cidades e toda a palpitación da vida moderna.

## 2.5. *Contido lingüístico*

Mencionamos xa enriba que non usamos un libro de texto concreto. Isto fai que non teñamos material feito, senón que todo o material usado na clase ten que ser compilado e elaborado para as necesidades específicas de cada curso. Isto vale tamén para as explicacións gramaticais. A gramática de Álvarez, Regueira e Monteagudo é indiscutiblemente un bo manual, necesario como libro de consulta para a profesora, pero demasiado longo e de manexo difícil para os alumnos, que necesitan un compendio de gramática, con explicacións resumidas e con exercicios compactos e de vocabulario fácil.

Un dos obxectivos principais dos cursos de galego é ofrecer ós alumnos unha boa visión da estrutura básica da lingua galega, para que a poidan situar no conxunto das linguas peninsulares. Polo tanto, estudiamos, en principio, toda a gramática básica. Os alumnos teñen que facer unha multitude de exercicios que os familiaricen coa morfoloxía e sintaxe galegas. Neste senso, os diferentes libros de prácticas aparecidos nos últimos anos son unha boa axuda, se ben nalgúns casos é necesario simplificalos exercicios que conteñen sobre todo en canto ó léxico, eliminando palabras pouco frecuentes. Por estraño que poida parecer, os alumnos tamén gustan de facer exercicios de tradución do finés ó galego. As traducións estimulan a creatividade lingüística e dan unha sensación de dominio do idioma que non é posible naqueles exercicios nos que só hai que inserir unha palabra ou forma determinada. Non obstante, ningunha cantidade de exercicios nun curso elemental ou complementario é realmente suficiente para acadar un bo nivel oral e práctico da lingua. Ó remate do curso os alumnos posúen un nivel teórico moi satisfactorio, pero para poderen comunicarse en galego con facilidade, necesitarían unha submersión na lingua, unha estancia máis ou menos prolongada no país. Unha axuda substancial neste senso son os cursos de galego para estranxeiros en Santiago de Compostela, ós que tamén varios dos nosos estudantes tiveron a posibilidade de asistir.

A distribución da materia gramatical faise dun xeito lóxico desde a fonoloxía e a morfoloxía ata a sintaxe: durante o primeiro semestre vémo-lo sistema fonolóxico, o artigo e os seus usos, a formación do xénero feminino, a formación do plural, os pronomes (dos que o pronome persoal, coa súa colocación, causa máis dificultades e leva máis tempo) e os numerais, e durante o segundo semestre, o verbo e a súa sintaxe, con énfase natural naqueles puntos en que o galego non coincide co castelán ou co portugués, e -superficialmente- as preposicións, as conxuncións e os adverbios. Posto que vemos textos

auténticos, aínda que curtos e sinxelos, desde o primeiro día de clase, cómpre dar, naturalmente, algunha noción da conxugación e comportamento do verbo galego xa antes do segundo semestre, en que se estudia con máis detalle. Este programa obedece á nosa visión do ensino de galego a estudantes finlandeses: a relativa proximidade entre as tres linguas peninsulares, portugués, galego e castelán, permite a comprensión, xa antes da adquisición dun dominio estruturado da lingua. Esta facilidade de comprensión pode e debe, ó noso entender, ser aproveitada desde o comezo.

O curso complementario supón unha consolidación gramatical e filolóxica. Vemos construcións que só puideron ser tocadas lixeiramente no curso elemental, p. ex. o infinitivo conxugado e as perífrases verbais, e mailas preposicións, os adverbios e as conxuncións. Outros temas do curso complementario son a ortografía -p. ex. o uso do *b* e do *v*-, as terminacións -p. ex. *-cio*, *-cia* e *-zo*, *-za* en palabras como *silencio* e *prezo*, e as familias de palabras con variacións fonolóxicas, de tipo *persoa*, *persoal*, *personaxe*, *personalidade*, etc. Tocamos rapidamente tamén o tema dos máis importantes fenómenos dialectais (segundo a obra de Fernández Rei). Neste nivel, os textos vistos na clase poden presentar xa unha relativa complexidade sintáctica e riqueza léxica, aínda que os alumnos seguen necesitando explicacións e comentarios. As variantes dialectais e as formas “incorrectas” xa non provocan confusión entre os alumnos, polo que neste nivel xa non é necesario adapta-los textos.

Pero non todo pode ser lectura, gramática e exercicios. Ás veces hai que ameniza-las clases, p. ex. vendo un vídeo sobre o Camiño de Santiago ou a cidade de Santiago de Compostela, ou escoitando cintas de música galega, p. ex. cantigas medievais ou poesías de Rosalía de Castro cantadas. Un dos nosos retos do futuro próximo é ir recollendo máis materiais audiovisuais -diapositivas, cintas de música, vídeos sobre temas culturais. En canto á música, sería interesante dispoñer tamén dalgunha cinta de música rock galega, con palabras en galego, para destaca-la “modernidade” do galego como idioma de comunicación en tódalas esferas da vida humana.

## *2.6. Problemas e dificultades*

A pesar da actitude positiva dos alumnos e sobre todo da axuda que desde o principio recibimos das autoridades galegas e dos nosos amigos galegos, é natural que o ensino de galego en Finlandia, sen precedentes nin tradicións de ningún tipo, presente tamén algunhas dificultades. O noso principal problema foi, desde o comezo, a falta de material didáctico pensado para estranxeiros. Unha boa escolma de textos cobre ben a necesidade de combina-la aprendizaxe da lingua co coñecemento da cultura na que se desenvolve a lingua, pero supón tamén algúns problemas obvios: os textos literarios non teñen un vocabulario nin exercicios gramaticais ou léxicos, senón que hai que elaboralos por separado para cada texto. Unha das tarefas máis urxentes que nos agarda para os próximos cursos é a redacción dunha especie de “vocabulario básico” finés-galego e galego-finés, en forma de fotocopias, para as necesidades dos alumnos. Non se tratará dun diccionario, senón dunha simple colección das 1500-2000 palabras máis útiles, concibida como material auxiliar para os alumnos, posto que non dispoñen, como os estudantes de castelán e de portugués, de dicionarios na súa casa. Outra posibilidade é formar un grupo de traballo cos estudantes máis avanzados e facer con eles un vocabulario algo máis amplo, de 2500-3000 entradas, de xeito que este traballo tamén lles aporte créditos nos seus estudos. A posibilidade de ter un vocabulario persoal (un exemplar para cada alumno), que tivese como lingua base o idioma dos alumnos, sería unha considerable mellora que faría máis doado o seu traballo. Isto contribuiría tamén a unha maior diferenciación entre o galego e o castelán, posto que os alumnos xa non estarían obrigados a recorrer ós dicionarios bilingües (galego-castelán ou castelán-galego): a comprensión pasiva facilitada polo coñecemento do castelán, que no principio é unha vantaxe, pode converterse nun lastre ó final, se todo ten que ser aprendido a través do castelán.

## *3. Plans e perspectivas do futuro*

No presente temos plans de amplia-lo programa de galego a partir do próximo curso académico (1996-97). Isto significa que os alumnos contarán non só coa posibilidade de asistir a dous cursos de lingua, senón tamén de profunda-los seus coñecementos en materias específicas, como a historia da lingua e a literatura. Neste novo sistema, o galego inscribírase dentro dun programa máis amplo de linguas hispánicas minoritarias. Os estudos galegos constarán de catro partes:

un curso elemental e un curso complementario, ambos obrigatorios, e tres materias optativas, das que o alumno elixirá dúas. Estas materias optativas serán literatura, historia da lingua e sociolingüística. Serán dictados os cursos de aprendizaxe da lingua (curso elemental e complementario), e as materias optativas serán cubertas, de acordo co sistema tradicional da nosa universidade, por lecturas obrigatorias combinadas con algunhas sesións de clase. Os alumnos examínanse das obras estudadas ante o catedrático de linguas iberorrománicas. En literatura, por exemplo, elaborárase unha lista de lecturas (un manual de historia da literatura e mais algunhas obras literarias), que pode ser completada cun seminario de comentario de textos. A ampliación do programa fai que os cursos de lingua (curso elemental e complementario) poidan orientarse máis intensamente á aprendizaxe práctica da lingua. Por agora aínda non sabemos cantos alumnos se matricularán neste programa; por outra parte, é agora cando realmente podemos introducir esta novidade, xa que foi preciso primeiro promover o ensino do galego como lingua moderna para contar cun alumnado cos coñecementos lingüísticos necesarios para avanzar nos seus estudos galegos.

Esta innovación supón que os alumnos terán unha mellor posibilidade de planificar e nivela-los seus estudos de galego no seu programa de conxunto. Ata agora, os estudos de galego proporcionáronlles, naturalmente, créditos, pero para algúns estudantes, eses créditos eran “extras” ou marxinais, porque non entraban nun conxunto maior. P. ex. os que estudian portugués, xa cumpren co requisito de coñecer tamén outra lingua peninsular, polo que o galego lles representa unha materia extra no seu currículo. Así, o novo sistema será unha mellora cualitativa, xa que situará o galego definitivamente dentro dun conxunto.

Non obstante, os novos plans presentan tamén algunhas dificultades. O estudo do galego ten inevitablemente o inconveniente que xa mencionamos enriba: o alumno medio non ve qué utilidade pode te-lo galego para a súa futura carreira profesional. As empresas comerciais, os institutos de bacharelato e as institucións estatais non requiren, polo momento, persoal que domine o galego. Polo tanto, a pesar dos novos atractivos que podemos ofrecer, o galego seguirá sendo, en esencia, unha materia optativa. A competición é cada vez máis dura na vida laboral, e os estudantes son, en consecuencia, cada vez máis propensos a elabora-lo seu currículo académico de acordo co que lles poida servir ó buscaren traballo. Polo tanto, hoxe moitos estudantes combinan os seus estudos filolóxicos cos estudos de p. ex. ciencias económicas ou de dereito.

Por outra parte, fronte a estas tendencias hai tamén outras de signo contrario, que actúan a un prazo máis longo, pero que permiten mante-lo optimismo cara á situación do galego na nosa universidade. En primeiro lugar, o ingreso de Finlandia na Unión Europea aumentou, no noso país, a conciencia xeral de Europa como mosaico cultural e lingüístico, composto de pequenos pobos de linguas e etnias diversas, e contribuíu a espalla-lo interese por tódalas linguas europeas, cousa especialmente importante tendo en conta que o inglés tivo aquí, desde hai varias décadas, unha supremacía absoluta. Así mesmo, a Unión Europea pon ó noso alcance novas posibilidades para o intercambio entre Finlandia e os outros países europeos. Por exemplo, un estudante de tecnoloxía pode agora te-la posibilidade de face-las súas prácticas nunha empresa en Vigo ou A Coruña, cousa antes imprevista. Estas novas oportunidades non só contribúen a espallar eficazmente o coñecemento dos pobos minoritarios de Europa, senón que tamén destacan a necesidade de dominar varias linguas e non só inglés. De feito, é posible que no futuro nas nosas clases de galego haxa tamén estudantes doutras facultades. Hoxe xa se ve en Finlandia que a unificación de Europa non diminúe, senón acrecenta a importancia das linguas pequenas.

En segundo lugar, pódese esperar que a elección de Santiago de Compostela e de Helsinqui na rede de capitais europeas da cultura no ano 2000 establecerá moitas formas de cooperación entre as dúas cidades xa nun futuro próximo. Tomáronse xa os primeiros contactos entre os concellos de ámbalas cidades, e pódese supoñer que os contactos se multiplicarán nos próximos anos.

Tamén as novas posibilidades informáticas -concretamente a Internet- de que dispoñemos na actualidade, significan unha mellora substancial en canto ós contactos entre os nosos países. Hoxe abonda con busca-las páxinas galegas do WWW para saber das novidades no mundo galego -así, a rede informática permite facer unha “viaxe” a Galicia en calquera momento. Isto, ó noso entender, supón unhas posibilidades case revolucionarias e abre unhas perspectivas moi esperanzadoras cara ó futuro.

Para rematar, non hai que esquece-la estreita cooperación entre os nosos países, que para nós é unha axuda de valor incalculable. Tamén neste senso, os contactos cada vez máis rápidos e eficaces permiten ter plena confianza no futuro.